

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ORDE do 9 de marzo de 2018 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2018.

O Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) nº 922/1972, (CEE) nº 234/1979, (CE) nº 1037/2001 e (CE) nº 1234/2007 (Regulamento único para a OCM), con miras a mellorar as condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas, establece, de conformidade co artigo 55 e seguintes, axudas no sector da apicultura para programas nacionais dunha duración de tres anos.

Este regulamento contén tamén as medidas financiáveis e un réxime de cofinanciamento comunitario do 50 % dos gastos orixinados polas actuacións previstas nos programas apícolas, así como a facultade da Comisión para adoptar actos delegados e de execución respecto delas.

Con base nesta facultade e co fin de garantir o correcto funcionamento do réxime de axudas no devandito marco xurídico, publicáronse os regulamentos delegados (UE) nº 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación ao devandito Regulamento (UE) nº 1308/2013.

A regulación, no ámbito nacional, deste réxime de concesión de axudas, así como as condicións de financiamento, estaba recollida no Real decreto 519/1999, do 26 de marzo, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, pero os distintos cambios introducidos pola normativa da Unión Europea motivaron a aprobación dun novo Real decreto, o 930/2017, do 27 de outubro, que modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais e derroga o citado Real decreto 519/1999, do 26 de marzo.

No Programa nacional 2017-2019 establécese un réxime de axudas destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura, no cal a participación financeira corresponde ata un 50 % ao financiamento comunitario, ata un 25 % corresponde



ao financiamento do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a restante porcentaxe á Consellería do Medio Rural.

No artigo 7 do Regulamento de execución (UE) nº 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello relativo ás axudas ao sector da apicultura, establécese que os pagamentos dos Estados membros deberán efectuarse, como máis tarde, o 15 de outubro, data en que debe ter presentado os xustificantes de gasto do Estado membro da Unión Europea. Para adiantar no posible a data de pagamento das axudas, cómpre que os gastos correspondentes ás accións realizadas se xustifiquen ante a Consellería do Medio Rural no prazo fixado na resolución de concesión da axuda, sen que en ningún caso poida exceder o 15 de agosto de 2018.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras das axudas para o fomento daquelas actividades destinadas a mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura e proceder á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento MR506A, MR506B).

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural.

Artigo 2. *Finalidade das axudas, contías e límites*

1. Poderán ser obxecto das axudas, de acordo coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean recollidos no programa nacional e encamiñadas a acadar os obxectivos das seguintes liñas de actuación:

a) Liña A. Prestar información e asistencia técnica a apicultores e organizacións de apicultores. A esta liña só poderán optar as agrupacións de apicultores.



1º. Contratación de técnicos e especialistas en apicultura para a información e asistencia técnica aos apicultores das agrupacións apícolas na sanidade apícola, loita contra agresores da colmea, así como o asesoramento global na produción.

Poderá subvencionarse a contratación dun máximo de dous técnicos por asociación, sendo necesariamente o primeiro deles un licenciado en veterinaria.

A axuda para a contratación de técnico veterinario poderá ser de ata o 90 % do seu custo, cunha limitación de 27.000 euros, e non poderá ser superior ao valor de 1 euro por colmea rexistrada na correspondente agrupación.

A axuda para a contratación doutros técnicos titulados poderá ser de ata o 70 % do seu custo, cunha limitación de 21.000 euros, e non poderá ser superior ao valor de 0,5 euros por colmea rexistrada na correspondente agrupación.

En todo caso, o importe máximo da axuda nesta liña por agrupación non superará os 48.000 euros.

2º. Organización e celebración de cursos e xornadas de formación de apicultores, formación continuada dos técnicos e especialistas das agrupacións e asociacións de apicultores. Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

3º. Sistemas de divulgación técnica, a través de folletos, catálogos e outras publicacións, así como de soportes audiovisuais e informáticos. Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo.

b) Liña B. Loita contra as agresións e enfermidades da colmea, en particular contra a varroase.

1º. Adquisición de tratamentos quimioterápicos e/ou tratamentos compatibles coa apicultura ecolóxica contra a varroase, autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios. Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo, cun máximo de 4 euros por colmea, e co límite de 18.000 euros para o caso de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.

2º. Sobrealimentación das colmeas. Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo co límite de 2 euros por colmea. Unicamente poderán optar a esta liña os apicultores beneficiarios da axuda establecida na liña B.1º anterior.



3º. Renovación e purificación de cera. Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo, co límite de 6 euros por colmea. Unicamente poderán optar a esta liña os apicultores beneficiarios da axuda establecida na liña B.1º.

c) Liña C. Racionalización da transhumancia.

1º. Adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte. Material para o manexo das colmeas: guindastres, mallas de cobertura, cambio de colmeas para obter meles monoflorais, sistemas móbiles de extracción de mel e outros útiles e equipamento necesario para facilitar a transhumancia, con excepción de vehículos de transporte, combustible, produtos para a alimentación das abellas e cera. Poderá subvencionar ata o 70 % do seu custo.

2º. Sistemas de protección ou vixilancia antirrobo ou de xeolocalización integrados nos cadros das colmeas. Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

3º. Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas. Serán subvencionables soportes para illar colmeas, traballos e utensilios de roza, peches portátiles para a protección dos asentamentos fronte a depredadores e aqueles outros que a xuízo do órgano xestor sexan compatibles con esta liña. Non será subvencionable a realización de traballos con maquinaria pesada para o movemento de terras. Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

4º. Cota de subscripción de seguros de responsabilidade civil das colmeas, sempre que as pólizas non cubran garantías xa incluídas no sistema de seguros agrarios combinados. A esta liña poderán acollerse tamén os apicultores con colmeas estantes. Poderá subvencionarse ata o 50 % do seu custo cun límite de 0,5 € por colmea asegurada.

d) Liña E. Medidas de apoio á repoboación dos efectivos apícolas españois.

1º. Cría de raíñas de razas autóctonas para reposición de baixas, sempre que se cubran as necesidades financeiras para atender as solicitudes da medida anterior.

2º. Investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas).

Para os 2 casos, poderá subvencionarse ata o 50 % do custo de actuación, cun límite máximo de 5 € por colmea.



2. Para o cálculo das axudas terase en conta o número de colmeas que os solicitantes teñen inscritas no Rexistro de Explotacións Apícolas de Galicia, segundo a declaración censual efectuada correspondente ao ano 2017.

3. Os gastos e investimentos obxecto da axuda deberán ter sido realizados no período comprendido entre o 1 de agosto do ano anterior a esta convocatoria e o 31 de xullo de 2018, ambos inclusive, período de duración da campaña apícola de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento de execución (UE) nº 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ás axudas ao sector da apicultura.

Artigo 3. *Beneficiarios e requisitos*

1. Poderán optar ás axudas previstas no artigo 2:

a) Aquelas persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, incluídas aquelas de titularidade compartida mencionadas na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias. Ademais, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

b) Cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia, integradas por apicultores que cumpran os requisitos da letra a).

2. Para poder acollerse ás ditas medidas da axuda, os apicultores, a título individual ou como integrantes dunha cooperativa ou organización representativa, deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar inscrito no Rexistro Oficial Apícola da Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade ao primeiro de xaneiro do ano 2018, fóra daqueles titulares que adquirisen a dita titularidade ante o falecemento, xubilación ou incapacidade laboral do titular, sempre que o novo titular adquiera a titularidade por sucesión, xubilación ou incapacidade laboral do anterior e fose parente, como máximo, en cuarto grao daquel. Así mesmo, exceptúanse do devandito requisito os supostos de forza maior.

b) Realizar, polo menos, un tratamento ao ano fronte á varroase, de acordo co establecido no Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.



c) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil.

d) Cumprir as previsións contidas no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

e) Ser titulares dunha explotación con máis de 50 colmeas, se solicitan axuda para realizar a transhumancia.

f) Ter realizada a declaración censual anual obrigatoria referida ao 31 de decembro de 2017.

As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas ao seu titular.

3. Un mesmo apicultor só poderá ser beneficiario de axuda por unha mesma actuación de forma única para cada unha das súas colmeas, ben a título individual, ben como integrante dunha cooperativa ou asociación ou agrupación de produtores.

Artigo 4. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento: persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas (MR506A)

As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, integradas ou non nunha asociación ou organización de apicultores, presentarán solicitudes individuais e achegarán á solicitude a seguinte documentación:

1º. No caso de representación, exixirase autorización para facer a solicitude nos termos exixidos no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º. Fotocopia ou copia dixitalizada da/das seguinte/s folla/s do libro de rexistro de explotación apícola, en función do formato de libro de que dispoña o apicultor (caderno de explotación apícola e de transhumancia), onde figure a documentación referente ao número de colmeas, tipo e clase de explotación:

a) Validación anual favorable ou actualización por parte dos servizos veterinarios oficiais do ano 2017. No caso de que na citada folla non figure o código Rega do titular, entón deberá achegarse tamén a fotocopia ou copia dixitalizada da folla onde aparece reflectido o dito código.



3º. Nas axudas da liña de loita contra as agresións e enfermidades da colmea, declaración responsable do veterinario de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa.

4º. Programa de actuación que pretende desenvolver: memoria onde figuren os datos do apicultor, número de colmeas, descrición dos investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos ou facturas pro forma dos investimentos, desagregados para cada unha das liñas para as cales se solicita axuda. De acordo co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, de 50.000 euros para obras ou de 18.000 euros para subministración ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse, xunto coa solicitude da axuda, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

As empresas invitadas a presentar ofertas non poderán estar vinculadas entre elas e exixiráselles sempre unha declaración das empresas con que teñan vinculación. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Todas as ofertas teñen que estar detalladas e desagregadas de tal xeito que inclúan os mesmos elementos para seren comparables entre si. Os requisitos mínimos que deben cumprir os orzamentos ou facturas pro forma que se presenten son os seguintes:

- Identificación clara de que o documento é un orzamento ou unha factura pro forma.
- Razón social e NIF do solicitante da oferta.
- Razón social e NIF do provedor.
- Data de emisión.



– Desagregación detallada dos distintos conceptos orzados, de ser o caso, indicando o número de unidades e o prezo unitario.

– Deberá figurar o IVE, aínda que non se considere para efectos do cálculo do investimento elixible. Non é necesario que as facturas pro forma estean asinadas.

Cando se soliciten ofertas de orzamentos ou facturas pro forma en países intracomunitarios, deberá especificarse o tipo de IVE aplicado nese país ou, polo menos, se o importe inclúe ou non o IVE ou outro tipo de taxas. Dependendo desa información, procederase do seguinte modo:

– Se non inclúen o IVE, descontarase do orzamento a totalidade que corresponde en España.

– Se o IVE é menor do que corresponde en España, descontarase a diferenza.

– Se o IVE é maior do que corresponde en España, descontarase na súa totalidade.

Non obstante o anterior, con independencia do gasto subvencionable, nos gastos restantes o beneficiario deberá considerar igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á Administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables: comparación de ofertas, prezos de mercado, cotizacións de mercados nacionais, estimación por referencia aos valores recollidos en rexistros oficiais de carácter fiscal, ditame de peritos da Administración, taxación pericial contraditoria e calquera outro medio de proba admitido en dereito.

5º. Disponibilidade dos terreos nos cales pretenda facer os asentamentos das alvarizas, así como permisos ou licenza das obras que pretenda realizar para a colocación das colmeas e/ou de adecuación ou mellora dos accesos, de ser o caso.

6º. Memoria explicativa da realización da transhumancia (resumo e esquema da situación de orixe das colmeas e do destino onde se pretende realizar a transhumancia e datas probables do movemento), de ser o caso.

7º. Xustificación da exclusividade dos equipamentos para a actividade transhumante, se é o caso.

8º. Xustificación de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil mediante a fotocopia ou copia dixitalizada da póliza do seguro en vigor onde se especifique o nome do titular,



o código Rega da explotación e o número de colmeas aseguradas e o xustificante bancario do seu pagamento.

Non será necesario achegar o documento do apartado 1º que xa fose presentado anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumírase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

9º. Documentación que acredite, de ser o caso, o cumprimento dos criterios sinalados nas alíneas b) , f) e g) do artigo 9 desta orde:

– Certificación da indicación xeográfica protegida (IXP) Mel de Galicia que acredite que o solicitante pertence a ela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia que acredite que o solicitante pertence a el na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación da cooperativa apícola que acredite que o solicitante é socio dela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

Artigo 5. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento: cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia (MR506B)

As persoas xurídicas (cooperativas apícolas, asociacións e organizacións representativas con personalidade xurídica propia ou calquera outro tipo de sociedade ou entidade) achegarán a solicitude coa seguinte documentación:

1º. Certificación do órgano competente na cal se especifique o acordo polo que se concede autorización para facer a solicitude ao asinante dela. Se actuar en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 5 da



Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2º. Certificación do órgano competente que acredite o desempeño actual do cargo.

3º. Acta de constitución da asociación ou organización ou copia dos estatutos.

4º. Relación nominal de socios actualizada, en formato electrónico, concretamente nun arquivo Excel que conteña os seguintes campos, de cada un dos socios:

– Nome e apelidos.

– NIF.

– Código Rega da explotación.

– Número de colmeas actualizado na data de solicitude.

– Indicación expresa dos socios incluídos e colmeas afectadas para cada unha das liñas solicitadas, de ser o caso. No caso de solicitar axuda para a liña C, deberán indicar, ademais, cales están aseguradas e especificar as que son estantes e as que son transhumantes.

Todos os datos deberán ir en maiúsculas, sen acentos e, os campos de tipo alfanumérico, sen espazos entre os caracteres.

5º. De cada un dos socios integrantes: copia dixitalizada da/das seguinte/s folla/s do libro de rexistro de explotación apícola, en función do formato de libro de que dispoña o apicultor (Caderno de explotación apícola e de transhumancia):

a) Validación anual favorable ou actualización por parte dos servizos veterinarios oficiais do ano 2017. No caso de que na citada folla non figure o código Rega do titular, entón deberá achegarse tamén a copia dixitalizada da folla onde aparece reflectido o dito código.

6º. Copia dixitalizada do contrato e titulación do veterinario e dos outros técnicos titulados responsables da execución do programa sanitario de loita contra a varroase. Para o caso doutros técnicos titulados, as titulacións admitidas serán as de veterinario, biólogo, enxeñeiro agrónomo, enxeñeiro técnico agrícola, enxeñeiro forestal, enxeñeiro técnico forestal, técnico en produción agropecuaria, técnicos que dispoñan da certificación de cualificación



profesional da familia agraria en Apicultura nivel 2 de acordo co Real decreto 1784/2011. Para outras titulacións será necesario presentar a documentación acreditativa da formación dos técnicos que xustifique a experiencia no sector apícola.

7º. Nas axudas da liña de loita contra a varroase: declaración responsable do veterinario de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa.

8º. Programa de actuación que pretende desenvolver para cada unha das liñas de axuda solicitadas: memoria descritiva de cada actuación onde figuren os datos dos apicultores incluídos no programa ou liña de axuda, número de colmeas afectadas, descrición dos investimentos e finalidade deles, incluíndo orzamentos pormenorizados e/ou facturas pro forma dos investimentos. De acordo co artigo 29, número 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, de 50.000 euros para obras, ou de 18.000 euros para subministración ou prestación de servizos, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse xunto coa solicitude da axuda, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

As empresas invitadas a presentar ofertas non poderán estar vinculadas entre elas e exixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Todas as ofertas teñen que estar detalladas e desagregadas de tal xeito que inclúan os mesmos elementos para seren comparables entre si. Os requisitos mínimos que deben cumprir os orzamentos ou facturas pro forma que se presenten son os seguintes:

- Identificación clara de que o documento é un orzamento ou unha factura pro forma.
- Razón social e NIF do solicitante da oferta.



- Razón social e NIF do proveedor.
- Data de emisión.
- Desagregación detallada dos distintos conceptos orzados, de ser o caso, indicando o número de unidades e o prezo unitario.
- Deberá figurar o IVE, aínda que non se considere para efectos do cálculo do investimento elixible. Non é necesario que as facturas pro forma estean asinadas.

Cando se soliciten ofertas de orzamentos ou facturas pro forma en países intracomunitarios, deberá especificarse o tipo de IVE aplicado nese país ou, polo menos, se o importe inclúe ou non o IVE ou outro tipo de taxas. Dependendo desa información, procederase do seguinte modo:

- Se non inclúen o IVE, descontarase do orzamento a totalidade que corresponde en España.
- Se o IVE é menor do que corresponde en España, descontarase a diferenza.
- Se o IVE é maior do que corresponde en España, descontarase na súa totalidade.

Non obstante o anterior, con independencia do gasto subvencionable, nos gastos restantes o beneficiario deberá considerar igualmente un sistema de avaliación dos custos que permita á Administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables: comparación de ofertas, prezos de mercado, cotizacións de mercados nacionais, estimación por referencia aos valores recollidos en rexistros oficiais de carácter fiscal, ditame de peritos da Administración, taxación pericial contraditoria e calquera outro medio de proba admitido en dereito.

9º. Xustificación do cumprimento dos puntos 5º, 6º, 7º e 8º do artigo 4. Para o caso do punto 8º, deberá aportarse a fotocopia ou copia dixitalizada da póliza do seguro en vigor onde se especifiquen os nomes de todos os titulares incluídos na dita póliza, o código Rega de cada unha das explotacións e o número de colmeas aseguradas, así como o xustificante bancario do seu pagamento.

Non será necesario achegar os documentos dos puntos 1º, 2º e 3º que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase



que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

10º. Documentación que acredite, de ser o caso, o cumprimento dos criterios sinalados nas alíneas b) , f) e g) do artigo 9 desta orde:

– Certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia na cal se acrediten os apicultores socios da entidade solicitante que pertencen a ela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia na cal se acrediten os apicultores socios da entidade solicitante que pertencen a ela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación da cooperativa apícola que acredite que os apicultores socios da entidade solicitante son socios dela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os seguintes datos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI/NIE da persoa solicitante ou NIF da entidade solicitante.

b) DNI/NIE da persoa representante.

c) A información relativa ao titular e ao tipo e clase de explotación, así como o número de colmeas (dimensión das explotacións acollidas á axuda) consultarase no sistema integrado.

Estes datos xa figuran en poder da Administración, xa que é obrigatorio que os titulares de explotacións apícolas realicen a declaración censual anual no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de cada ano de acordo co artigo 4, número 3 do



Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, así como a validación anual do libro de rexistro de explotación apícola (CEAT) segundo o recollido no artigo 7, número 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, modificado polo Real decreto 448/2005, do 22 de abril.

d) As certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitálas segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) A pertenza do solicitante a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida, así como o listado de apicultores integrantes con indicación do seu NIF e número de rexistro de explotación agraria, serán comprobados de oficio polo órgano xestor da axuda mediante consulta realizada ao Rexistro Oficial de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira de Galicia da Consellería do Medio Rural.

f) Tanto a condición de explotación de titularidade compartida para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, como a condición de agricultor mozo será comprobada de oficio polo órgano xestor mediante consulta realizada ao Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia-Reaga.

g) Explotación apícola do solicitante situada en zona desfavorecida segundo a lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas tal como se definen nos puntos 3.4 do artigo 3 da Directiva 75/268/CEE (equivalentes aos artigos 18 e 19 do Regulamento (CE) 1257/1999, respectivamente), de acordo coa Directiva do Consello (86/466/CEE), do 14 de xullo de 1986, coa Decisión da Comisión (86/566/CEE), do 16 de outubro de 1989, coa Directiva do Consello (91/465/CEE), do 22 de xullo de 1991.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



Artigo 7. *Solicitudes de axuda, forma de presentación, prazos e documentación*

1. O prazo para a presentación de solicitudes será de un mes, que comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas e para as persoas que representen unha persoa interesada obrigada á presentación electrónica.

Se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa pre-



sentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supera os tamaños máximos establecidos ou ten un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. As solicitudes axustaranse aos modelos que figuran como anexo I (solicitudes individuais de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas) e anexo II (solicitude de cooperativas apícolas e organizacións representativas con personalidade xurídica propia).

7. Recibidas as solicitudes e a súa documentación, serán examinadas polo órgano xestor que, se observar deficiencias, requirirá a súa emenda ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez días, consonte o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Transcorrido este prazo sen se producir a emenda do expediente, terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

8. A falsidade do declarado na solicitude determinará a imposibilidade de percibir, se é o caso, a axuda concedida, desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.



Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 9. Criterios obxectivos de outorgamento da axuda e ponderación destes

1. A concesión destas axudas realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva. No caso de que as axudas superen o crédito dispoñible, e de acordo co artigo 6 do Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, atendendo ás particularidades da produción apícola na nosa comunidade autónoma, seguirase a prioridade seguinte entre as diferentes liñas sinaladas no artigo 2.1:

1. Axudas contidas no punto b.1º.
2. Axudas contidas no punto a.1º.
3. Axudas contidas no punto b.2º.
4. Axudas contidas no punto b.3º.
5. Axudas contidas no punto c.4º.
6. Axudas contidas nos puntos c.1º, c.2º e c.3º.
7. Axudas contidas nos puntos a.2º e a.3º.
8. Axudas contidas nos puntos d.1º e d.2º.

2. Os criterios obxectivos de outorgamento serán os establecidos mediante a seguinte valoración de puntos:

a) Dimensión das explotacións acollidas á axuda: entendida como o número de colmeas potencialmente destinatarias da medida, tanto no caso de solicitudes presentadas por titu-



lares de explotacións como de solicitudes presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas e agrupacións de defensa sanitaria (máximo 5 puntos), segundo os seguintes tramos en función do número de colmeas:

1. De 1 a 500 colmeas: 2 puntos.

2. De 501 a 1.500 colmeas: 3 puntos.

3. De 1.501 a 10.000 colmeas: 4 puntos.

4. 10.001 ou máis: 5 puntos.

b) Pertenza do solicitante á indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia: 1 punto.

c) Pertenza do solicitante a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida: 1 punto.

A pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida, así como a lista de apicultores integrantes con indicación do seu NIF e número de rexistro de explotación agraria, serán comprobados de oficio polo órgano xestor da axuda mediante consulta realizada ao Rexistro Oficial de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira de Galicia da Consellería do Medio Rural.

d) Que as explotacións solicitantes teñan titularidade compartida, para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, ou cuxa titularidade sexa dun agricultor mozo, de acordo coa definición e condicións establecidas no Regulamento (UE) nº 1307/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da PAC, e polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 637/2008 e (CE) nº 73/2009 do Consello: 1 punto.

Tanto a condición de explotación de titularidade compartida para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, como a condición de agricultor mozo será comprobada de oficio polo órgano xestor mediante consulta realizada ao Rexistro de explotacións agrarias de Galicia-Reaga.

e) Explotación apícola do solicitante situada en zona desfavorecida segundo a lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas tal como se definen nos puntos 3.4 do artigo 3 da



Directiva 75/268/CEE (equivalentes aos artigos 18 e 19 do Regulamento (CE) 1257/1999, respectivamente), de acordo coa Directiva do Consello (86/466/CEE), do 14 de xullo de 1986, coa Decisión da Comisión (86/566/CEE), do 16 de outubro de 1989, coa Directiva do Consello (91/465/CEE), do 22 de xullo de 1991: 1 punto.

f) Explotación apícola do solicitante rexistrada no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia: 1 punto.

g) Pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola: 1 punto.

h) Solicitud presentada por unha organización ou asociación de apicultores legalmente recoñecida: 2 puntos.

Estes criterios serán aplicables tanto ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións como ás presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas.

Para o caso de solicitudes presentadas por organizacións ou asociacións de apicultores legalmente recoñecidas, deberá cumprir estes criterios polo menos o 50 % dos apicultores integrantes.

Aqueles solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de cinco puntos non poderán ter a consideración de beneficiarios. Para a valoración das solicitudes soamente serán tidos en conta os criterios que o solicitante sinala que cumpre no cadro «Criterios obxectivos de outorgamento da axuda» no anexo correspondente (MR506A/MR506B).

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que queden colocadas diante na prelación establecida en función dos criterios anteriores.

Dada a finalidade colectiva desta axuda, e para acadar satisfactoriamente os obxectivos dela facilitando as actuacións ao máximo número de apicultores, naquela liña onde teña lugar o esgotamento do crédito distribuirase o crédito dispoñible nela entre todos os solicitantes que cumpran os requisitos necesarios para poder percibila, sempre de xeito proporcional ao número de colmeas de cada solicitante obtido segundo a prelación establecida nesa liña.

Para o caso daqueles criterios comprobados de oficio polo órgano xestor das axudas, no caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo expre-



samente no cadro «Criterios obxectivos de outorgamento da axuda» no anexo correspondente (MR506A/MR506B) e achegar os documentos correspondentes.

Artigo 10. *Tramitación e resolución*

1. O órgano competente para a instrución e tramitación do procedemento é a Subdirección Xeral de Gandaría. Unha vez recibidas as solicitudes e a súa documentación, serán examinadas polo órgano xestor, que, se observar deficiencias, requirirá a súa emenda ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez días, consonte o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Transcorrido este prazo sen se producir a emenda do expediente, terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

2. Efectuadas as comprobacións e estudos pertinentes, para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase un órgano colexiado constituído para o efecto, integrado por tres funcionarios da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias con categoría non inferior a xefe de negociado, un dos cales actuará como secretario, e que estará presidido polo xefe do servizo ou por un dos xefes de área do Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal, que emitirá un informe que conterá unha relación dos solicitantes para os cales se propón a concesión de subvención e a contía, así como daqueles para os cales se propón a denegación da subvención solicitada. Á vista deste informe, o subdirector xeral de Gandaría elevará a proposta de resolución ao órgano administrativo competente, que resolverá as solicitudes presentadas.

3. A resolución do expediente corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural, por proposta da Subdirección Xeral de Gandaría. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de cinco meses desde o día seguinte ao de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.



5. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

6. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

7. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

8. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. A notificación da resolución de concesión de axuda realizarase conforme o disposto nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

10. Unha vez notificada a devandita resolución, o interesado terá un prazo de dez días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para aceptala. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda.

Artigo 11. *Recursos administrativos*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso



contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcorrido o prazo para resolver o establecido no artigo anterior non lle é notificada a resolución ao interesado, entenderase desestimada por silencio administrativo e caberá interpor o recurso potestativo de reposición contra a desestimación por silencio administrativo en calquera momento, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, como sinala o artigo 124 da Lei 39/2015, ou o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Artigo 12. *Xustificacións e pagamento*

1. A data límite para a presentación das xustificacións técnicas e económicas da realización do programa será o 15 de agosto de 2018. A documentación xustificativa presentarse preferiblemente por vía electrónica e deberá ser perfectamente lexible. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica das xustificacións será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta as xustificacións presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación xustificativa presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O pagamento tramitarase logo de xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado e, para tal efecto, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria de realización de actividades. En relación co asesoramento técnico, deberá achegarse unha lista das explotacións que recibiron a visita dos técnicos, indicando a data



da visita e o obxecto dela. Para outras actividades de asesoramento e cursos de formación para os apicultores, deberá indicarse na memoria o tipo de actividade, as datas de realización, o seu contido e o nome dos apicultores asistentes, así como calquera outro aspecto de interese. Ademais, deberá achegarse a documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

b) Facturas, nóminas, orixinais ou fotocopias compulsadas. Os gastos virán acompañados do documento que verifique o pagamento efectivo, é dicir, un xustificante bancario do pagamento debidamente selado pola entidade, o cal pode ser un xustificante de transferencia bancaria, un xustificante bancario de ingreso de efectivo por mostrador ou unha certificación bancaria.

No xustificante de pagamento constará o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberase xuntar unha relación delas.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento, así como acompañarse dunha relación de todos os documentos de pagamento e importes acreditativos do pagamento desa factura.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do pagamento realizarase mediante a achega do correspondente extracto bancario, acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou recibo do provedor.

Todos os pagamentos efectuados polos beneficiarios xustificaranse mediante facturas e documentos de pagamento. Cando isto non sexa posible, os pagamentos xustificaranse mediante documentos de valor probatorio equivalente.

c) Se a actividade subvencionada corresponde á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia apícola, incluída a súa preparación e elaboración sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregarase,



ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado ou algún exemplar editado no caso de que sexa impreso, cunha memoria que indique o seu destino e a xustificación da distribución.

d) No programa de loita contra a varroase, certificación/informe do veterinario responsable acerca da/das explotación/s en que foi executado:

– Nome e apelidos.

– NIF.

– Código Rega da explotación.

– Identificación da/das receita/s empregada/s, agás no caso de tratamentos que non precisen prescrición veterinaria.

– Número de colmeas implicadas.

– Nome comercial e doses de tratamento químico empregado, se é o caso, e de cumprimento da normativa vixente en materia de medicamentos veterinarios. Ademais, o beneficiario deberá achegar a copia das receitas medicamentosas emitidas para o tratamento contra a varroase na súa explotación ou nas explotacións integrantes para o caso das cooperativas apícolas, organizacións representativas e asociacións de apicultores con personalidade xurídica propia, agás no caso de tratamentos que non precisen prescrición veterinaria, nos cales non haberá que achegar copia das receitas medicamentosas.

As copias deberán ser perfectamente lexibles e que permitan identificar claramente o número de receita, o nome comercial e as doses de tratamento químico empregado.

3. Xunto coa xustificación, o peticionario presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. As asociacións presentarán unha táboa coa relación dos socios en formato electrónico (Excel), que conteña o dato do número de colmeas de cada socio referidas ás liñas B.1º, B.2º, B.3º da solicitude, indicando, se é o caso e para cada liña de axuda, se existen variacións no número de colmeas que foron consideradas para a adxudicación.



4. A contía das axudas será satisfeita unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, tras a súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería do Medio Rural. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

5. Os beneficiarios teñen a obriga de conservar a documentación xustificativa relacionada coa operación comprendida dentro do sistema de financiamento do Feaga por un prazo de 3 anos contados desde o pagamento da axuda.

6. O incumprimento das obrigas asumidas polo beneficiario suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puideren incurrir os beneficiarios.

Artigo 13. *Outras condicións*

En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda fírase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Medio Rural, do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e fondos Feaga da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais.

Artigo 14. *Modificación das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 15. *Control da execución das actuacións*

1. O control da execución dos programas levarao a cabo a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, realizando as comprobacións e inspeccións que



considere necesarias, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como do lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. Os beneficiarios deberán comunicar previamente á súa realización, as datas e as horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poderen efectuar as comprobacións que se consideren oportunas. Ademais, están obrigados a facilitar todos os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, achegando todos os datos que sobre o particular lles sexan solicitados.

3. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e o Servizo de Auditoría Interna do Fogga no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. No suposto de que unha vez notificada a resolución de concesión haxa algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude, ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias, para os efectos de tramitar e propoñer a aprobación ou denegación da devandita modificación.

Artigo 16. *Financiamento*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.713E.770.2 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, na cal existe crédito adecuado para o ano 2018 de seiscentos tres mil setecentos trinta e oito euros (603.738 €). Esta axuda está cofinanciada polo Feaga da UE ata un 50 %, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (Mapama) ata un 25 % e a porcentaxe restante a Xunta de Galicia en virtude do Regulamento (CE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, e o Real decreto 930/2017, do 27 de outubro, polo que se regula o réxime de axudas á apicultura no marco dos programas nacionais anuais, e se modifica o Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas. As ditas aplicacións orzamentarias poderán incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da Comunidade Autónoma.

No caso de que non haxa solicitudes de axuda para unha liña ou liñas das establecidas no artigo 2.1 ou se dea a circunstancia de que existan créditos sobrantes nunha liña de



actuación, a autoridade competente poderá destinar os fondos a aquelas que considere de maior importancia ou necesidade.

2. En ningún caso poderá a axuda financeira do Estado membro ser superior á da Comunidade, en virtude do artigo 1 da decisión da Comisión do 10 de agosto de 2007. Por tanto, a contía total de axudas aprobadas dependerá do importe de Feaga consignado a Galicia na repartición estatal.

3. Segundo o establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o crédito dispoñible para o financiamento destas axudas poderá ampliarse, previamente á resolución do expediente, se existe unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou pola existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 17. *Reintegro da axuda, infraccións e sancións*

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida nos supostos previstos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no seu réxime de infraccións e sancións.

2. Se como consecuencia dos controis se detectaren incumprimentos na execución do programa aprobado en aspectos relevantes para a súa efectividade, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas ponderando a gravidade e frecuencia dos incumprimentos.

As deducións parciais aplicables serán as seguintes:

– Do 5 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 10 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 15 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 20 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 25 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 30 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 50 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 40 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.



En caso de detectar un mesmo tipo de incumprimento na execución do programa sanitario en máis dun 40 % das explotacións gandeiras inspeccionadas, perderase o dereito á axuda.

Ademais, se nas inspeccións efectuadas sobre o terreo se comproba que o número de colmeas que hai na explotación é inferior ao número de colmeas declaradas para a aprobación da axuda, sen existir unha causa xustificada da redución destas, o importe que percibirán os beneficiarios recalcularase a partir das colmeas comprobadas, coa aplicación das porcentaxes de penalización seguintes:

a) Se a diferenza entre as colmeas declaradas e as colmeas comprobadas é inferior ou igual ao 5 %, ao importe destinado por colmea aplicaráselle unha porcentaxe de penalización igual ao dobre da porcentaxe de diferenza.

b) Se a diferenza entre as colmeas declaradas e as colmeas comprobadas é superior ao 5 % e inferior ou igual ao 15 %, ao importe destinado por colmea aplicaráselle unha porcentaxe de penalización igual ao triplo da porcentaxe de diferenza.

c) Se a diferenza entre as colmeas declaradas e as colmeas comprobadas é superior ao 15 %, non se contabilizarán as colmeas desta persoa apicultora para o cálculo final da axuda que vaia percibir no caso de que o solicitante sexa unha cooperativa ou agrupación ou asociación apícola. Se se trata dun apicultor individual, perderá o dereito ao cobramento da axuda.

3. No que respecta ás faltas de pagamento e penalizacións, e sen prexuízo de posteriores actuacións efectuadas pola autoridade inspectora no ámbito das súas competencias, será de aplicación o seguinte:

a) O interese engadido ao importe dos pagamentos indebidos recuperados de conformidade co artigo 54, número 1, o artigo 58, número 1, letra e), ou o artigo 63, número 3, do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común, polo que se derrogan os regulamentos (CE) nº 352/1978, (CE) nº 165/1994, (CE) nº 2799/1998, (CE) nº 814/2000, (CE) nº 1290/2005 e (CE) nº 485/2008 do Consello, calcularase de conformidade co artigo 27 do Regulamento de execución (UE) nº 908/2014 da Comisión, do 6 de agosto de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello en relación cos organismos



pagadores e outros organismos, a xestión financeira, a liquidación de contas, as normas relativas aos controis, as garantías e a transparencia.

b) No caso de fraude ou negligencia grave dos que sexan responsables, os beneficiarios, ademais de devolver os pagamentos indebidos e os intereses correspondentes de conformidade co artigo 63, número 3, do Regulamento (UE) nº 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, deberán aboar un importe equivalente á diferenza entre o importe inicialmente pago e o importe a que teñen dereito.

Artigo 18. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para



informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica do Medio Rural, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.medio-rural@xunta.gal

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos». Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través de correo electrónico dirixido a fondos.europeos.facenda@xunta.gal

Disposición adicional

En todas aquelas cuestións non previstas na presente orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei, e as súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo da aplicación das normas de organización e procedemento dispostas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar as instrucións precisas para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2018

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I


PROCEDEMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR506A	DOCUMENTO SOLICITUDE
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	FAX	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN							
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante							
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:							
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO						
<input type="text"/>	<input type="text"/>						
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE							
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.							
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.							
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).							
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.							
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				

DATOS BANCARIOS																	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.																	
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)													
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 5cnjes02-udg6-sjh9-n5g7-0npmeye2hub4


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
 (continuación)

LIÑA/S DE AXUDA SOLICITADA/S	IMPORTE DE AXUDA/S SOLICITADA/S (€)
B) LIÑA B: LOITA CONTRA AS AGRESIÓNS E ENFERMIDADES DA COLMEA	
<input type="checkbox"/> LIÑA B1: adquisición de tratamentos	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA B2: sobrealimentación das colmeas	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA B3: renovación e purificación de cera	<input type="text"/>
C) LIÑA C: RACIONALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA	
<input type="checkbox"/> LIÑA C1: adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA C2: sistemas de protección ou vixilancia antirrobo ou de xeolocalización	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA C3: mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA C4: cota de subscripción de seguros de responsabilidade civil das colmeas	<input type="text"/>
D) LIÑA E: MEDIDAS DE APOIO Á REPOBOACIÓN DOS EFECTIVOS APÍCOLAS ESPAÑOIS	
<input type="checkbox"/> LIÑA E1: cría de rañas de razas autóctonas para reposición de baixas	<input type="text"/>
<input type="checkbox"/> LIÑA E2: investimentos para a cría de rañas	<input type="text"/>

CRITERIOS OBXECTIVOS DE OUTORGAMENTO DA AXUDA (marcar aqueles criterios que cumpran as entidades solicitantes)

	CUMPRO O CRITERIO OBXECTIVO
- Dimensión das explotacións acollidas á axuda:	
1. De 1 a 500 colmeas: 2 puntos.	<input type="checkbox"/>
2. De 501 a 1.500 colmeas: 3 puntos.	<input type="checkbox"/>
3. De 1.501 a 10.000 colmeas: 4 puntos.	<input type="checkbox"/>
4. De 10.001 ou máis: 5 puntos.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Que as explotacións solicitantes teñan titularidade compartida, para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, ou que sexan titularidade dun agricultor mozo: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Explotación apícola situada en zona desfavorecida segundo a lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Solicitud presentada por unha organización ou asociación de apicultores legalmente recoñecida: 2 puntos.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza á indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Explotación rexistrada no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola: 1 punto.	<input type="checkbox"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda, nin dispón doutros ingresos ou recursos para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA	FINALIDADE DOS FONDOS

- Si dispón doutros ingresos ou recursos para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son os que a seguir se relacionan:

ORIXE DOS FONDOS	IMPORTE (€)	FINALIDADE DOS FONDOS

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Non estar suxeito/a a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.




ANEXO I
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumírase que a consulta é autorizada)

<input type="checkbox"/>	Validación anual favorable do ano 2017: copia desta folia da CEAT onde figure o Rega do titular da explotación.			
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do veterinario sobre o programa de loita contra a varroase, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Programa de actuación que se pretende desenvolver (memoria onde figuren datos do apicultor, número de colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade destes, facturas pro forma dos investimentos) para cada liña de axuda solicitada.			
<input type="checkbox"/>	Documentación relativa ás ofertas presentadas.			
<input type="checkbox"/>	Disponibilidade dos terreos para a realización da transhumancia, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Autorización das obras e disponibilidade dos terreos, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Memoria explicativa da realización da transhumancia, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Xustificación de exclusividade do equipamento para a actividade transhumante, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Xustificación de ter subscrito un seguro de responsabilidade civil.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza á indicación xeográfica protexida.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola.			
		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Xustificación da representación (autorización para facer a solicitude).			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	
<input checked="" type="checkbox"/> Información relativa ao titular, tipo e clase de explotación, número de colmeas.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado do Reaga de explotación de titularidade compartida.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Documentación acreditativa de explotación apícola situada en zona desfavorecida.	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.medio-rural@xunta.gal

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos». Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través do correo electrónico dirixido a fondos.europeos.facenda@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 9 de marzo de 2018 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2018.

SINATURA DA PERSONA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de


Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias



SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

PROCEDIMENTO RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: SOLICITUDE DE COOPERATIVAS APÍCOLAS E ORGANIZACIÓNS REPRESENTATIVAS CON PERSONALIDADE XURÍDICA PROPIA	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO MR506B	DOCUMENTO SOLICITUDE
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------	-------------------------


DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE							
RAZÓN SOCIAL						NIF	
<input type="text"/>						<input type="text"/>	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Entidade solicitante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

LIÑA/S DE AXUDA SOLICITADA/S	IMPORTE DE AXUDA/S SOLICITADA/S (€)
A) LIÑA A: ASISTENCIA TÉCNICA A APICULTORES E ORGANIZACIÓNS DE APICULTORES <input type="checkbox"/> LIÑA A1: contratación de técnicos e especialistas en apicultura <input type="checkbox"/> LIÑA A2: organización e celebración de cursos e xornadas de formación de apicultores <input type="checkbox"/> LIÑA A3: sistemas de divulgación técnica	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
B) LIÑA B: LOITA CONTRA AS AGRESIÓNS E ENFERMIDADES DA COLMEA <input type="checkbox"/> LIÑA B1: adquisición de tratamentos <input type="checkbox"/> LIÑA B2: sobrealimentación das colmeas <input type="checkbox"/> LIÑA B3: renovación e purificación de cera	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
C) LIÑA C: RACIONALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA <input type="checkbox"/> LIÑA C1: adquisición, conservación e mellora dos medios de transporte <input type="checkbox"/> LIÑA C2: sistemas de protección ou vixilancia antirrobo ou de xeolocalización <input type="checkbox"/> LIÑA C3: mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas <input type="checkbox"/> LIÑA C4: cota de subscripción de seguros de responsabilidade civil das colmeas	<input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>
D) LIÑA E: MEDIDAS DE APOIO Á REPOBOACIÓN DA POBOACIÓN APÍCOLA ESPAÑOLA <input type="checkbox"/> LIÑA E1: cría de raíñas de razas autóctonas para reposición de baixas <input type="checkbox"/> LIÑA E2: investimentos para a cría de raíñas	<input type="text"/> <input type="text"/>


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: 5cnjes02-udg6-sjh9-n5g7-0npmeye2hub4


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II
 (continuación)

CRITERIOS OBXECTIVOS DE OUTORGAMENTO DA AXUDA (marcar aqueles criterios que cumpran as entidades solicitantes)	
	CUMPRO O CRITERIO OBXECTIVO
- Dimensión das explotacións acollidas á axuda:	
1. De 1 a 500 colmeas: 2 puntos.	<input type="checkbox"/>
2. De 501 a 1.500 colmeas: 3 puntos.	<input type="checkbox"/>
3. De 1.501 a 10.000 colmeas: 4 puntos.	<input type="checkbox"/>
4. De 10.001 ou máis: 5 puntos.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Que as explotacións solicitantes teñan titularidade compartida, para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, ou que sexan titularidade dun agricultor mozo: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Explotación apícola situada en zona desfavorecida segundo a lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Solicitude presentada por unha organización ou asociación de apicultores legalmente recoñecida: 2 puntos.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza á indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Explotación rexistrada no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia: 1 punto.	<input type="checkbox"/>
- Pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola: 1 punto.	<input type="checkbox"/>

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda, nin se dispón doutros ingresos ou recursos para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención.

Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA	FINALIDADE DOS FONDOS

Si dispón doutros ingresos ou recursos para o mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son os que a seguir se relacionan:

ORIXE DOS FONDOS	IMPORTE (€)	FINALIDADE DOS FONDOS

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Non ter a consideración de empresa en crise, segundo se define nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise, de acordo coas Directrices sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas non financeiras en crise (Comunicación 2014/C 249/01, da Comisión, do 31 de xullo de 2014).

7. Non estar suxeito/a a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior.




ANEXO II
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (neste último caso presumirase que a consulta é autorizada)

<input type="checkbox"/>	Relación nominal dos socios (en programa actualizado) con nome e apelidos, NIF, Rega e número de colmeas de cada un.			
<input type="checkbox"/>	De cada un dos socios, copia da/s seguinte/s folla/s do libro de rexistro de explotación apícola: validación anual favorable do ano 2017 onde figure o Rega do titular da explotación.			
<input type="checkbox"/>	Copia do contrato e titulación do veterinario e dos outros técnicos titulados responsables da execución do programa sanitario de loita contra a varroase.			
<input type="checkbox"/>	Declaración responsable do veterinario sobre o programa de loita contra a varroase, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Programa de actuación que se pretende desenvolver (memoria onde figuren datos do apicultor, número de colmeas, descrición das obras ou investimentos e finalidade destes, facturas pro forma dos investimentos) para cada liña de axuda solicitada.			
<input type="checkbox"/>	Documentación relativa ás ofertas presentadas.			
<input type="checkbox"/>	Xustificación do cumprimento dos puntos 5, 6 e 7 do artigo 4, se é o caso.			
<input type="checkbox"/>	Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil en vigor para a xustificación do cumprimento do número 8 do artigo 4.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza a indicación xeográfica protexida.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza ao Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia.			
<input type="checkbox"/>	Certificación de pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola.			
<input type="checkbox"/>		ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
<input type="checkbox"/>	Certificación pola que se autoriza a facer a solicitude ao seu asinante.			
<input type="checkbox"/>	Certificación que acredite o desempeño actual do cargo.			
<input type="checkbox"/>	Acta de constitución da entidade ou copia dos estatutos.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
<input checked="" type="checkbox"/> NIF da entidade solicitante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> DNI/NIE da persoa representante.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Información relativa ao titular, tipo e clase de explotación, número de colmeas.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de estar ao día no pagamento coa Consellería de Facenda.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado de pertenza a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Certificado do Reaga de explotación de titularidade compartida.	<input type="checkbox"/>
<input checked="" type="checkbox"/> Documentación acreditativa de explotación apícola situada en zona desfavorecida.	<input type="checkbox"/>

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.medio-rural@xunta.gal

Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos». Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda a través do correo electrónico dirixido a fondos.europeos.facenda@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE


Orde do 9 de marzo de 2018 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2018.

SINATURA DA PERSONA REPRESENTANTE

Lugar e data _____, _____ de _____ de _____



Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias


SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora
